

1. INTRODUCCIÓN: PESCA FLUVIAL NOS RÍOS DE ÁREA SANTIAGO

Área Santiago é un grupo de promoción turística que reúne dezaseis concellos do interior de Galicia: A Estrada, Arzúa, Boqueixón, Lalín, Melide, O Pino, Oroso, Padrón, Rois, Santiago de Compostela, Silleda, Touro, Trazo, Val do Dubra, Vedra e Vila de Cruces. Recibe este nome por situarse na área de influencia de Santiago de Compostela, abarca o sur da provincia da Coruña e o norte da provincia de Pontevedra, separadas ambas polo río Ulla, que fai de fronteira natural.

Área Santiago é unha zona profundamente definida pola presenza de dous dos principais recursos hídricos de Galicia, tanto por caudal como pola súa riqueza faunística, florística, paisaxística e incluso cultural: o Sistema Fluvial Ulla-Deza, que a delimita polo sur, e o río Tambre e os seus afluentes, que a demarcan polo norte. Trátase dunha área eminentemente fluvial, como non podía ser doutro xeito en Galicia, “a terra dos mil ríos”. O sistema fluvial Ulla-Deza e o río Tambre están incluídos na Rede Natura 2000 da Unión Europea, sendo ambos ecosistemas protexidos. O río Ulla ten unha conca de 2764 km², a segunda en importancia de Galicia. Ten unha lonxitude total de 132 km e unha riqueza piscícola que inclúe como especies destacadas a troita común atlántica ou europea (*Salmo trutta fario*), salmón atlántico (*Salmo salar*), lamprea (*Petromyzon marinus*) e reo (*Salmo trutta trutta*). De menor importancia polo tamaño das súas poboacións, pero presentes igualmente nas súas augas, cabe destacar a saboga (*Alosa fallax*), sábalo (*Alosa alosa*) e boga (*Chandrostoma duriense*). Os seus principais afluentes, son os ríos Deza (51 km), Toxa (17 km), Liñares (15 km), Furelos (26 km) e o Sar (39 km). A segunda conca fluvial na área de influencia de Compostela é a do río Tambre, con 1531 km². Ten unha lonxitude total de 124,5 km e dos afluentes destacables, o Dubra (15 km) e, sobre todo, o río Lengüelle (27 km). No río Tambre e nos seus afluentes localízanse poboacións de troitas (*Salmo trutta fario*) e un ciprínido, o escaló (*Leuciscus cephalus*). A terceira conca en importancia é a do río Umia, con 404 km². Este río pasa polo límite sur da zona Área Santiago e, como o Ulla, desemboca na ría de Arousa. As características destes ríos garantizan a presenza dunha variada fauna e unha flora exuberante e diversa, composta por plantas e árbores de ribeira, así coma especies acuáticas de gran vistosidade, pero tamén a existencia dun importante patrimonio fluvial descoñecido de muíños, pesqueiras, represas, sendas, etc. Dende Área Santiago convidámote a gozar dos nosos ríos, principalmente a través da práctica responsable do deporte da pesca e doutras actividades como o sendeirismo fluvial, a que coñezas a rica gastronomía asociada a esta zona fluvial e a que descubras todo o seu patrimonio natural e cultural.

En Área Santiago tratamos de fomentar a práctica deste deporte de río na súa modalidade de captura e solta (pesca sen morte), para evitar a sobreexplotación dos nosos cursos fluviais e promover a necesaria sustentabilidade ambiental.

O grupo Área Santiago pon a disposición dos visitantes unha carteira de guías/acompañantes de pesca que serán os encargados de transmitir e ensinar a riqueza dos nosos ríos a través da pesca fluvial.

2. DEFINICION DE GUÍA/ACOMPÑANTE ÁREA SANTIAGO

O guía de pesca de Área Santiago deberá ser experto pescador, coñecedor do río e a súa contorna, amante da pesca e respectuoso coa natureza. Deberá poder transmitir tanto os seus coñecementos de pesca, como ensinar os lugares onde practicala, a filosofía do respecto ao medio, e contribuír á preservación do mesmo. Polo tanto, a pesca sen morte é un factor importante a divulgar polo guía de pesca, así como os seus beneficios para preservar os recursos piscícolas.

Baixo esta filosofía promóvese o sector económico sostible da pesca fluvial dentro das premisas do servizo de guía/acompañamento de pesca de Área Santiago.

O guía de pesca deberá desprazarse coa persoa ou persoas interesadas a unha zona de pesca da súa influencia, onde se den as condicións idóneas para levar a cabo a actividade, cada zona de pesca será apta ou non segundo as condicións meteorolóxicas, deberá anticiparse a diferentes condicións cambiantes para que o servizo de guía sexa o máis frutífero e satisfactorio para o cliente. Aconsellará sobre materiais e técnicas de pesca máis axeitadas segundo a zona de río e as condicións imperantes no momento da práctica.

O guía de pesca de Área Santiago, deberá adaptarse ás necesidades e nivel do cliente, e garantir en todo momento a seguridade do mesmo.

Así mesmo, cómpre diferenciar dous tipos de servizos a prestar, o acompañamento de pesca e o guiado de pesca. A diferenza entre o servizo de guía de pesca e o de acompañamento de pesca, radica na calidade de mesmo, a guía como tal é máis individualizada, poñendo como máximo de pescadores por guía de pesca un número de 2/3, con este número de clientes podemos considerar que se da un servizo individualizado de asesoramento, aconsellando e propoñendo solucións técnicas durante as xornadas de pesca, etc. Sendo o servizo de acompañamento, o mero feito de levar/acompañar a un grupo de pescadores (4 ou máis) ó río, distínguese do servizo de guía en que ao ter un número elevado de pescadores a cargo dun mesmo guía, non se da ese servizo individualizado. É dicir, o servizo de acompañamento é un servizo de transporte para pescadores, aportando algún dato básico de pesca, sen prestar ese soporte individualizado que se da nun servizo de guía normal ao longo de toda a xornada de pesca.

3. REQUISITOS E CARACTERÍSTICAS PARA SER GUÍA DE PESCA ÁREA SANTIAGO:

Os requisitos fundamentais dos guías de pesca serán os seguintes:

-Residir en Galicia, preferiblemente nun dos concellos de Área Santiago.

-Acreditación de experiencia (habería que cumprir un dos seguintes requisitos):

- Estar en posesión dun título de monitor/adestrador de pesca deportiva.
- Ser deportista de recoñecido prestixio. Necesaria certificación da FGP en base a un dos seguintes criterios:
 - Ser campión galego de pesca.
 - Pertencer á selección galega de pesca.
 - Representar a Galicia en campionatos nacionais ou internacionais.
- Dilatada experiencia e coñecementos do sector, a valorar na ficha de información básica para guías de pesca Área Santiago (punto nº 8). Valoraranse coñecementos de: idiomas, sobre os ríos do territorio Área Santiago, fauna piscícola dos nosos ríos, técnicas de pesca, así coma experiencia previa en servizos de guía de pesca e en competicións deportivas de pesca.
- Coñecer os ríos da súa área de actuación, cuncas Ulla-Deza e Tambre. Delimitacións de tramos libres, tramos libres sen morte e acoutados. Así como as mellores zonas segundo a época e as condicións reinantes no momento de realizar o servizo de guía.
- Ser coñecedor das diferentes especies dos nosos ríos e encoros, así como as vedas e épocas hábiles para pescalos.
- Coñecer a normativa de pesca así como os trámites administrativos para a obtención de permisos e licenzas.
- Ser coñecedor dos beneficios da práctica da pesca sen morte para os nosos ríos, como medio para preservar os recursos piscícolas.
- Estar dado de alta na seguridade social no momento de realizar os servizos de guía de pesca en Área Santiago.
- Posuír un seguro de Responsabilidade civil.
- Coñecer a infraestrutura hostaleira e os recursos turísticos de Área Santiago coa fin de poder realizar suxestións para que os turistas pescadores completen a visita ó territorio.
- Dispoñer de vehículo propio para poder trasladar ao cliente ás zonas de pesca durante o servizo.

4. REQUISITOS E CARACTERÍSTICAS PARA SER ACOMPAÑANTE DE PESCA ÁREA SANTIAGO:

- Os requisitos fundamentais dos acompañantes de pesca serán os seguintes:
- Residir en Galicia, preferiblemente nun dos concellos de Área Santiago.
- Acreditación de experiencia:
 - Experiencia e coñecementos do sector, a valorar na ficha de información básica para guías/acompañantes de pesca Área Santiago (punto nº 8). Valoraranse coñecementos de: idiomas, ríos do territorio Área Santiago, fauna piscícola dos nosos ríos, técnicas de pesca, así coma experiencia previa en servizos de acompañamento de pesca.
- Coñecer os ríos da súa área de actuación, cuncas Ulla-Deza e Tambre. Delimitacións de tramos libres, tramos libres sen morte e acoutados. Así como as mellores zonas segundo a época e as condicións reinantes no momento de realizar o servizo de acompañamento.
- Ser coñecedor das diferentes especies dos nosos ríos e encoros, así como as vedas e épocas hábiles para pescalos.
- Coñecer a normativa de pesca así como os trámites administrativos para a obtención de permisos e licenzas.
- Ser coñecedor dos beneficios da práctica da pesca sen morte para os nosos ríos, como medio para preservar os recursos piscícolas.
- Estar dado de alta na seguridade social no momento de realizar os servizos de acompañamento de pesca en Área Santiago.
- Posuír un seguro de Responsabilidade civil.
- Coñecer a infraestrutura hostaleira e os recursos turísticos de Área Santiago co fin de poder realizar suxestións para que os turistas pescadores completen a visita ó territorio.
- Dispoñer de vehículo propio para poder trasladar ó cliente ás zonas de pesca durante o servizo.

5. TARIFAS:

GUÍA DE PESCA XORNADA COMPLETA	
UNHA PERSONA 130€	DÚAS PERSOAS 200€(3ª PERSOA 80€+)
SEGUNDO DÍA E SEGUINTE	
UNHA PERSONA 100€	DÚAS PERSONAS 170€(3ª PERSOA 60€+)
INCLÚE: DESPRAZAMENTOS XORNADA DE PESCA DE 8 HORAS POSIBILIDADE DE INCLUIR COMIDA E BEBIDA (PICNIC A CARÓN DO PESQUEIRO)+20€ DÍA POSIBILIDADE DE ALUGAR O EQUIPO DE PESCA	
NON INCLÚE: PERMISOS NIN LICENZAS (PARA A TRAMITACIÓN É NECESARIA A DOCUMENTACIÓN CON 10 DÍAS DE ANTELACIÓN)	

GUÍA DE PESCA ½ XORNADA	
UNHA PERSONA 65€	DÚAS PERSOAS 100€(3ª PERSOA 50€+)
SEGUNDO DÍA E SEGUINTE	
UNHA PERSOA 65€	DÚAS PERSONAS 100€(3ª PERSOA 50€+)
INCLÚE: DESPRAZAMENTOS XORNADA DE PESCA DE 5 HORAS POSIBILIDADE DE INCLUIR COMIDA E BEBIDA (PICNIC A CARÓN DO PESQUEIRO)+20€ DÍA	

POSIBILIDADE DE ALUGAR O EQUIPO DE PESCA

NON INCLÚE:

PERMISOS NIN LICENZAS(PARA A TRAMITACIÓN É NECESARIA A DOCUMENTACION CON 10 DÍAS DE ANTELACIÓN)

ACOMPAÑAMENTO DE PESCA XORNADA COMPLETA

MÍNIMO CATRO PERSOAS 200€ (CADA PERSOA A MAIORES +40€)

SEGUNDO DÍA E SEGUINTE

150€ (CADA PERSOA A MAIORES +30€)

INCLÚE:

DESPRAZAMENTOS

XORNADA DE PESCA DE 8 HORAS

POSIBILIDADE DE INCLUIR COMIDA E BEBIDA (PICNIC A CARÓN DO PESQUEIRO)+30€ DÍA

POSIBILIDADE DE ALUGAR O EQUIPO DE PESCA

NON INCLÚE:

PERMISOS NIN LICENZAS (PARA A TRAMITACIÓN É NECESARIA A DOCUMENTACIÓN CON 10 DÍAS DE ANTELACIÓN)

ACOMPANAMENTO DE PESCA ½ XORNADA	
MÍNIMO CATRO PERSOAS 130€	(CADA PERSOA A MAIORES +30€)
SEGUNDO DÍA E SEGUINTE	
UNHA PERSOA 100€	(CADA PERSOA A MAIORES +20€)
INCLÚE:	
DESPRAZAMENTOS	
XORNADA DE PESCA DE 5 HORAS	
POSIBILIDADE DE INCLUIR COMIDA E BEBIDA (PICNIC A CARÓN DO PESQUEIRO)+30€ DÍA	
POSIBILIDADE DE ALUGAR O EQUIPO DE PESCA	
NON INCLÚE:	
PERMISOS NIN LICENZAS(PARA A TRAMITACIÓN É NECESARIA A DOCUMENTACION CON 10 DÍAS DE ANTELACIÓN)	

*POSIBILIDADE DE FACER PAQUETES TURÍSTICOS PARA CERTAS ÉPOCAS COMO SEMANA SANTA, ETC. ASÍ COMO PAQUETES ESPECIAIS POR ESPECIES E TEMPADAS.

EN COLABORACIÓN COS ALOXAMENTOS EXISTE A POSIBILIDADE DE FACER PAQUETES POR ÉPOCAS CONCRETAS COMO SEMANA SANTA, FIN DE SEMANA LONGOS, ETC, OU INCLUSO PAQUETES PROMOCIONAIS POR ESTACIÓNS OU ESPECIES PISCÍCOLAS,(APERTURA DOS RÍOS SALMONEIROS E DE REO, OU PESCA DO REO EN SETEMBRO, OU RUTA DOS TRAMOS DE PESCA SEN MORTE, ETC...)

ESTE TIPO DE PAQUETES PODEN SER PERSONALIZADOS PARA CADA ALOXAMENTO ATENDENDO Á SÚA SITUACIÓN XEOGRÁFICA RESPECTO DOS RECUSOS PISCÍCOLAS QUE TEÑA NA SÚA ZONA.

6. FUNCIONES DO GUÍA DE PESCA ÁREA SANTIAGO:

O guía deberá desprazarse coa persoa interesada a unha zona de pesca onde se den as condicións idóneas para levar a cabo a actividade, cada zona de pesca será apta ou non segundo as condicións meteorolóxicas, deberá anticiparse a diferentes condicións cambiantes para que a guía sexa o máis frutífera e satisfactoria para o cliente. Aconsellará sobre materiais e técnicas de pesca máis axeitadas segundo a zona do río e as condicións imperantes no momento da práctica.

O guía de pesca de Área Santiago, deberá adaptarse ás necesidades e nivel do cliente, e garantir en todo momento a seguridade do mesmo.

Visto isto, son funcións do guía de pesca de Área Santiago, as seguintes:

- Coordinar co aloxamento o asesoramento e a xestión no trámite de permisos e licenzas, así coma a concreción do servizo a realizar.
- Coordinar co aloxamento o punto de encontro co cliente.
- Ter o material necesario para o desenvolvemento da xornada de pesca.
- Contar con información básica ou detalles do cliente que debe atender.
- Chegar con anticipación ao lugar ou punto de encontro.
- Facer as coordinacións necesarias con outros guías se fose necesario.
- Antes do inicio do servizo de guía de pesca, deberase explicar en que consiste, lugares de pesca incluídos e tempo de duración do mesmo.
- Permitir que os clientes se sintan cómodos e gocen do servizo de guía.
- Explicar as condicións para o desprazamento, vixiando o cumprimento das normas de seguridade, así como as premisas de conservación do medio natural.
- O guía é o responsable da coordinación, recepción, asistencia, conducción, información e animación dos clientes.
- Conducir a guía de pesca, o cal implica un coñecemento teórico e práctico do espazo físico e das características da contorna, así como das técnicas máis axeitadas para realizar a pesca no lugar escollido en cada momento.
- Asesorar ao cliente durante a práctica da pesca en canto a técnicas, engados, materiais, zonas, etc.
- Brindar a información necesaria sobre os ríos e especies que o habitan.
- Asistencia ao cliente. Implica axudando en todo o que sexa posible, así como asesoralo en canto aos recursos turísticos de Área Santiago, onde comer ou cear, que lugares visitar, etc.

7. FUNCIONES DO ACOMPAÑANTE DE PESCA ÁREA SANTIAGO:

O acompañante deberá desprazarse coas persoas interesadas a unha zona de pesca onde se dean as condicións idóneas para levar a cabo a actividade, cada zona de pesca será apta ou non segundo as condicións meteorolóxicas, deberá anticiparse a diferentes condicións cambiantes para que a xornada de pesca sexa o máis frutífera e satisfactoria para o cliente.

O acompañante de pesca de Área Santiago, deberá adaptarse ás necesidades e nivel dos clientes, e garantir en todo momento a seguridade do mesmo.

Visto isto, pódese dicir que son funcións do acompañante de pesca de Área Santiago, as seguintes:

- Coordinar co aloxamento o asesoramento e a xestión no trámite de permisos e licenzas, así coma a concreción do servizo a realizar.
- Coordinar co aloxamento o punto de encontro cos clientes.
- Contar con información básica ou detalles do cliente que debe atender.
- Chegar con anticipación ao lugar ou punto de encontro.
- Facer as coordinacións necesarias con outros acompañantes se fose necesario.
- Antes do inicio do servizo de acompañamento de pesca, deberase explicar en que consiste, lugares de pesca incluídos e tempo de duración do mesmo.
- Permitir que os clientes se sintan cómodos e gocen da xornada de pesca.
- Explicar as condicións para o desprazamento, vixiando o cumprimento das normas de seguridade, así como as premisas de conservación do medio natural.
- O acompañante é o responsable da coordinación, recepción, asistencia, conducción, información e animación dos clientes.
- Conducir o acompañamento de pesca, o cal implica un coñecemento teórico e práctico do espazo físico e das características da contorna, así como as mellores zonas de pesca respecto do momento a realizar o servizo de acompañamento.
- Brindar a información necesaria sobre os ríos e especies que o habitan.
- Asistencia ao cliente. Implica axudalo en todo o que sexa posible, así como asesoralo en canto aos recursos turísticos de Área Santiago, onde comer ou cear, que lugares visitar, etc.

8. FICHA DE INFORMACIÓN BÁSICA GUÍAS/ACOMPÑANTES DE PESCA ÁREA SANTIAGO:

(disponible para descargar na web www.areasantiago.es)

Nome e apelidos:

DNI:

Enderezo:

Teléfono:

Enderezo electrónico:

Ligazón redes sociais/web:

Enviar foto dixital para web (opcional)

Texto de presentación (texto de presentación breve do/a guía-máximo cinco liñas, indicando aspectos como anos de experiencia, titulacións e breve historial de competición entre outros)

- **SERVIZOS A REALIZAR** (marcar cun x a que corresponda)

☐ Guías (De un a tres pescadores, servizo máis individualizado, aconsellando en todo momento aos pescadores sobre as mellores técnicas e trucos a pe de río)

☐ Acompañamentos (Servizo para grupos, máis de tres pescadores, transporte ao río , transmitindo nocións básicas ao grupo sobre as mellores técnicas para o río visitado)

☐ Ambas

- **IDIOMAS** (marcar idioma e nivel)

☐ Galego

☐ Castelán

☐ Inglés

☐ Básico

☐ Intermedio

☐ Avanzado

☐ Outros (indicar idioma e nivel)

- **RIOS** (marcar nos que podería realizar servicios de guía e/ou acompañamento)

☐ Ulla

☐ Ulla curso baixo (Ponte Sarandón-desembocadura)

☐ Ulla medio (Presa de Portodemouros-Ponte Sarandón)

☐ Ulla Alto (por enriba do Encoro de Portodemouros)

☐ Furelos

☐ Iso

☐ Deza

☐ Liñares

☐ Rois

☐ Sar

☐ Tambre

☐ Tambre curso baixo (Desembocadura do río Dubra-Pontealbar)

☐ Tambre medio (Pontealbar-desembocadura do río Lengüelle)

☐ Tambre alto (Por enriba da desembocadura do río Lengüelle)

☐ Lengüelle

☐ Dubra

☐ Outros (indicar cales)

- **ESPECIES PISCÍCOLAS** (marcar as especies das cales podería prestar servicios de guía e/ou acompañamento)

- ☐ Salmón
- ☐ Reo
- ☐ Troita
- ☐ Carpa
- ☐ Black Bass
- ☐ Outros (indicar cales)

- **MODALIDADES DE PESCA** (marcar as que practica/coñece)

- ☐ Mosca
 - ☐ Salmón
 - ☐ Reo
 - ☐ Troita
 - ☐ Carpa
 - ☐ Black Bass
 - ☐ Outros (indicar cales) [Haga clic aquí para escribir texto.](#)
- ☐ Spinning (pesca ó lanzado, culleriña, pez artificial, aparello de mosca afogada)
 - ☐ Salmón
 - ☐ Reo
 - ☐ Troita
 - ☐ Carpa
 - ☐ Black Bass
 - ☐ Outros (indicar cales)
- ☐ Engado natural
 - ☐ Salmón
 - ☐ Carpa

¿Practico a pesca sen morte?

- ☐ Si
- ☐ Non

Faría servicios de guía e/ou acompañamento na modalidade de:

☐ Sen morte

☐ Con morte

- MATERIAL Disponibilidade de material de pesca para préstamo/aluguer:

☐ Xenérico (vadeador, botas, gorra, lentes)

☐ Específico (canas, engados, etc)

☐ Mosca

☐ Spinning

☐ Engado natural

Coche propio (indicar número de pazas)

☐ Si

☐ Non

Nº de plazas:

- DISPOÑIBILIDADE

☐ Tódolos días da semana

☐ Mañás

☐ Tardes

☐ Todo o día

☐ Fin de semana

☐ Mañás

☐ Tardes

☐ Todo o día

☐ Semana (luns a venres)

☐ Mañás

☐ Tardes

☐ Todo o día

Indicar meses nos que estaría dispoñible:

☐ Marzo

☐ Abril

☐ Maio

☐ Xuño

☐ Xullo

☐ Agosto

☐ Setembro

- **EXPERIENCIA** Experiencia anterior como guía e/ou acompañante de pesca (especifique en cal dos dous servizos)

☐ Si

☐ Guía

☐ Acompañante

☐ Non

Experiencia en competición de pesca deportiva (marcar as disciplinas)

☐ Si

☐ Salmónidos mosca

☐ Salmónidos lance

☐ Agua doce

☐ Black bass

☐ Outras (indicar cales)

☐ Non

Por favor, indique outra información que poida ser de interese sobre a súa experiencia e coñecementos, especialidades, etc.:

Coa presentación deste documento declaro a veracidade dos datos enriba expostos, co fin de pasar a formar parte do listado de guías e/ou acompañantes de pesca do Grupo Área Santiago, e de que esta información poida ser difundida e trasladada aos potenciais interesados (casas de turismo rural, aloxamentos da zona en xeral ou cliente final).

Ademais dos requisitos técnicos indispensables e fundamentais que enriba acredito, declaro que, de ser o caso, o servizo será prestado coa correspondente alta previa na Seguridade Social, así como estar en posesión dun seguro de responsabilidade civil no momento de prestar os servizos de guiado e/ou acompañamento de pesca.

Lugar, data e sinatura.

9. PROTOCOLO DE ADHESIÓN PARA FUTUROS GUÍAS/ACOMPÑANTES DE PESCA DE ÁREA SANTIAGO:

Os interesados deberán presentar a solicitude de adhesión como guía/acompañante de pesca de Área Santiago, achegando a ficha de información básica guías/acompañantes de pesca Área Santiago (punto nº 8) ao correo electrónico secretariatecnica@areasantiago.es

En todo caso haberá que reunir ineludiblemente os requisitos fundamentais para ser guía/acompañante de Área Santiago, valoraranse os coñecementos en canto a idiomas, ríos, especies, técnicas de pesca, así como experiencia previa no sector da pesca deportiva.